

VICENTE RISCO (Ourense, 1884-1963)



Vicente Risco foi un neno miúdo e enfermizo. Foi amigo desde a infancia de Otero Pedrayo. Estudou dereito en Compostela e posteriormente maxisterio en Madrid. As súas inquedanzas intelectuais levárono a tomar parte nos faladoiros da capital ourensá e a fundar en 1917 a revista *La Centuria*. Un ano despois abrazou a causa do nacionalismo. En 1920 participou na creación da revista *Nós* e publicou *Teoría do Nacionalismo Galego*. Dende entón ata o 1936, Risco converteuse no mestre intelectual do nacionalismo.

Na súa evolución persoal, distinguimos tres etapas:

1. Unha **etapa non galeguista**: mostra interese polas filosofías orientais, o exotismo, etc. Trata de evadirse do mundo que lle desagrada adoptando unha postura elitista e individualista.
2. Unha **etapa galeguista**: a partir de 1920 vai elaborar a súa teoría nacionalista galega, baseada no pobo e na raza.
3. **Unha última etapa**: nos anos 30, a raíz dunha viaxe por Centroeuropa, vai abandonar o galeguismo.

A prosa de ficción e o teatro

A súa primeira creación narrativa foi ***Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*** (1919), un **relato** situado no mundo extraordinario de ultratumba e cargado dun humor macabro. Nesta obra Risco xa deixa constancia da súa ideoloxía.

Chubu fíxolle un sinal ao doutor, e chegaronse onda a momia de Totankhamon. Alveiros sacou o muíño de oracións, explicou por brevis et breve o seu funcionamento, e encomenzou a lle dar voltas.

A momia comezou a remexer. Víaselle na face a forza ao rebulir entre as faixas. Ao fin, as faixas escomenzaron a se esgazar e a caer coma farrapos desfeitos todo ao longo do corpo. O faraón sacou os brazos, logo as pernas e encomenzou a facer flexións para se desentumecer... As momias que se achaban preto dos operadores, temén se ían desempanicando.

Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros

Por outra parte, esta narración supón un importante avance cualitativo na prosa galega, xa que coa súa temática rompe os tópicos da tradición do século XIX e incorpora á nosa literatura asuntos coma o esoterismo, un mundo máxico e marabilloso, que tanto atraerían a autores, como Castelao, Otero, Cunqueiro...

Outras **narracións breves** son ***O lobo da xente, A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*** (nas que retoma lendas galegas).

A única novela de Risco é ***O porco de pé***. O argumento céntrase na historia de Don Celidonio, un comerciante foráneo que se instala na cidade de Auria (Ourense). Alí vai ascendendo, sucesivamente, de dependente nun comercio a amo do negocio, despois a alcalde e, finalmente, a heroe local; pero sempre impoñendo un sistema de valores baseado no culto á utilidade e á acumulación dos cartos. A figura do protagonista, caracterizado satiricamente coma un porco, sèrvelle a Risco para criticar a vulgaridade e o materialismo da nova burguesía. Fronte a el está o doutor Alveiros, o seu antagonista espiritual, preocupado pola cultura e alleo a todo tipo de materialismo.

De entre os recursos que Risco emprega con mestría nesta novela, destacamos dous: as longas enumeracións e as imaxes paródicas e caricaturescas.

Era o caso da cidade de que falamos antes de descubrir a D. Celidonio. Existía por existir, ou por ter existido, ou por a xente pensar que existía.

Mais agora xa era outra cousa: agora xa tiña razón de ser. Era a cidade onde vivía D. Celidonio, onde D. Celidonio fixera a súa carreira política. [...]

A cidade aquela fora fundada por Tubal, ou por Gomer, ou por Brigo, ou polos Celtas, ou polos Kimris, ou polos Gregos, ou polos Fenicios, ou polos Romanos, ou polos Suevos, ou polos Godos, ou por Alfonso I, ou por Alfonso II, ou por Alfonso III, ou por quen fose, xa que os historiadores non andaban conformes, namais ca para chegar a ser alcalde dela D. Celidonio. D. Celidonio era o que daba senso á historia da cidade. Chegar a ter de alcalde a D. Celidonio era o seu sino histórico.

(...)

Desde que casara, Nicasia García mellorara de físico no senso da latitude; en peso e volume gañou o que perdeu en pescozo, e moito máis aínda. Collera a feitura dun tarro coma os das boticas, que tiñan na tenda para pementa en po. Mais dentro dela pouca pementa había, por máis que da nai herdara algo de xenio enrabechado.

O porco de pé

Por outra parte, existía entre os membros de Nós a aspiración de modernizar a nosa literatura que pasaba tamén pola actualización do teatro. Risco participou coa obra: **O bufón de El-Rei**. O texto está situado nunha corte medieval, co bufón do rei como protagonista. A través deste personaxe (deforme, envexoso e intrigante), Risco cuestiona a relación entre a deformidade física e a deformidade moral.

O ensaio

Risco atopou no ensaio o seu mellor medio de expresión imprimíndolle un innegable afán didáctico. En 1920 publicou **Teoría do Nacionalismo Galego**, verdadeiro ideario das Irmandades da Fala e guía para as seguintes xeracións galeguistas. Nesta obra postula os trazos diferenciais históricos, xeográficos e culturais que lle dan a Galicia o status de nación.

Un pobo, para ter dereito a algo, ten que emprincipiar por ser o que é, e por querer ser o que é.

Se Galiza deixa de ser galega, perde ipso facto todos os seus dereitos como pobo: xa non terá dereito nen á prosperidade económica, nen á autonomía, nen á cultura.

Se os galegos abandonan a súa fala, os seus costumes, as nocións e supostos fundamentos da súa cultura propia, perderán o dereito a gobernaren a súa casa e aínda os seus dereitos de homes, pois o abandono daquelas cousas demostran a súa vontade de seren escravos. [...]

Todo pobo ten unha misión no mundo, que é crear unha cultura propia, e esta é a razón da súa existencia, o que pode invocar cando recrame liberdade e xustiza.

Teoría do Nacionalismo Galego

En **Nós, os inadaptados** (1933), expón a evolución ideolóxica da súa xeración.

Despois de tantas voltas e revoltas, despois de tantas viravoltas e trasvoltas polas lonxanías do espazo e do tempo, en procura de algo inédito que nos salvara do habitual e do vulgar, viñemos dar na sorprendente descuberta de que Galiza, a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea falsa, ruín e vulgar, ofrecíanos un mundo tan extenso, tan novo, tan inédito, tan descoñecido, como os que andabamos a procurar por aí adiante.

Nós, os inadaptados

Mitteleuropa (1934) é unha crónica de viaxes na que reflicte a súa visión persoal das profundas transformacións sociais que se están a dar na Europa do momento.